



Facultade de Psicoloxía

Campus Vida 15782 Santiago de Compostela
Correo-e: decanato.psicoloxia@usc.es

MÁSTER PSICOXERONTOLOXÍA

Guía docente do “Traballo Fin de Máster” do Máster en Psicoxerontoloxía

(Memoria de Verificación do Título Aprobada pola Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes con data 28 de febreiro de 2014)

Materia: **Traballo Fin de Máster**

Código: P2171110

Tipo de materia: Obrigatoria

Créditos ECTS: 8

Duración: 2º semestre

Profesores responsables da titorización

Fernando Díaz Fernández, David Facal Mayo, Onésimo Juncos Rabadán, Raimundo Mateos Álvarez, Arturo X. Pereiro Rozas, Dolores Rodríguez Salgado, Montserrat Zurrón Ocio.

Organización temporal

1. Adxudicación de titores/as: 22/11/2019, será realizada conxuntamente coa adxudicación de Centros de Prácticas. A mesma persoa será titor/a de TFM e de Prácticas Externas, para favorecer a integración dos mesmos.
 2. Definición dos temas de TFM: 28/11/2019 a 21/12/2019. Seguindo os acordos da Comisión Académica Interuniversitaria, os temas de TFM deberán estar relacionados co traballo nas Prácticas Externas, para favorecer a súa integración. Serán negociados polos estudantes e titores.
 3. Entrega do TFM en Secretaría do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación en formato electrónico: Data final 15/07/2020
 4. Presentación oral dos TFM:
 - Xullo: 22, 23 e 24 do 07 de 2020
 - Setembro: 07/09/2020
-

RESULTADOS DA APRENDIZAXE

-Capacidade para elaborar, presentar e defender ante unha comisión de expertos un traballo académico con formato de informe científico que sintetice o conxunto de competencias desenvolvidas no Máster a través dun traballo específico tutorizado por algún especialista-profesor/a do Máster.

-Demostrar habilidade para documentarse, deseñar unha investigación, informar dos resultados dunha intervención e comunicar axeitadamente esta información a unha comisión formada por profesores especialistas do propio do Máster.

CONTIDOS

Os estudantes consensuarán co titor o tópico ou tema a tratar no seu Traballo de Fin de Máster dentro do seu ámbito disciplinar e temático

O contido que deberá estar relacionado co traballo nas Prácticas Externas.

Pode tener algunha das seguintes modalidades:

1. Deseño, Desenvolvemento e Avaliación dun Programa de Intervención orixinal e propio a implementar parcialmente no centro de Prácticas, e que se diferencia do reflectido no Informe de Prácticas
2. Deseño dun Programa de Intervención orixinal e propio en relación con algún aspecto do traballo no centro de Prácticas.
3. Traballo de Investigación. Realización de actividades de investigación dentro das liñas de investigación levadas a cabo por o/a titor/a académico en relación con algún aspecto do traballo no centro de Prácticas
4. Deseño dun Proxecto de Investigación orixinal e propio en relación con algún aspecto do traballo no centro de Prácticas (pode ser complementado con estudo piloto a realizar no centro)

Non se admitirán TFM's que consistan exclusivamente nunha revisión bibliográfica.

COMPETENCIAS

Competencias básicas e xerais.

CG8 - Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problema a ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro dos contextos interdisciplinares relacionados coa Psicogerontoloxía.

CG6 - Saber identificar e formular problemas de investigación no contexto do seu exercicio profesional, e contribuír á súa abordaxe de acordo cos métodos, técnicas e procedementos de investigación propios das ciencias da saúde, sociais, e do comportamento.

CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo

CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.

Competencias transversais

CT1 - Saber obter, analizar e sintetizar información especializada.

CT3 - Desenvolver as habilidades en manexo de tecnoloxías da información e comunicación.

CT4 - Desenvolver a capacidade de traballo autónomo con capacidade autocrítica.

Competencias específicas

CE2 - Ser capaz de planificar e desenvolver unha avaliación utilizando os instrumentos

e técnicas máis convenientes.

CE3 - Ser capaz de interpretar os resultados dunha avaliación e de facer un diagnóstico sobre as persoas e/ou situacións avaliadas.

CE4 - Saber elaborar informes e comunicar os resultados das avaliacións con diferentes propósitos e para diferentes destinatarios.

CE5 - Saber planificar e desenvolver programas de intervención seleccionando os obxectivos, os procedementos e os instrumentos máis apropiados en función das características do problema e do contexto.

CE6 - Saber deseñar e desenvolver programas específicos relacionados coas trastornos psicolóxicos e os problemas sociais máis frecuentes en persoas maiores.

CE7 - Saber asesorar e intervir no ámbito familiar das persoas maiores tanto sas coma enfermas

CE8 - Saber deseñar e planificar programas de intervención ambiental e social que axuden a mellorar a calidade de vida de lãs persoas maiores

CE9 - Coñecer os recursos e a organización do sistema de atención sociosanitaria ás persoas maiores.

CE10 - Saber adecuar as actuacións ao marco legal e administrativo correspondente e promover os cambios que se consideren nesarios para mellorar a atención ás persoas maiores.

CE11 - Saber identificar e formular problemas de investigación e participar no deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación en Psicogerontología.

CE12 - Coñecer, aplicar e interpretar análise de datos aplicada ao estudo do envellecemento.

CE1 - Saber aplicar as teorías sobre o envellecemento na conceptualización dos casos e situacións concretos.

METODOLOXÍA. ASPECTOS XERAIS

Os profesores responsables/titores académicos serán profesores/ás do programa que serán asignados/ás a cada alumno/a pola Comisión Académica.

Concertaranse sesións individuais de tutorías para iniciar, desenvolver e rematar o TFM. O alumnado realizará o seu traballo persoal coa supervisión dos titores. O resultado do traballo será un informe escrito.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

O TFM presentarás en formato electrónico con formato de informe científico para ser avaliado pola Comisión correspondente, e seguindo a seguinte estrutura:

- 1. Introdución.** 1.1. Xustificación. 1.2. Revisión bibliográfica 1.3 Obxectivos
- 2. Metodoloxía.** 2.1. Participantes. 2.2. Materiais 2.3. Deseño. 2.4. Procedemento 2.5. Análises estadísticos
- 3. Resultados**
- 4. Discusión**
- 5. Referencias**

Seguiránse as normas APA. Tendrá unha extensión máxima de 50 páxinas con interlineado de 1,5 y tamaño de letra 12, sen contar os Anexos.

O TFM preséntarase en sesión pública e será avaliado por unha Comisión composta por tres profesores do programa entre os que non se atopará o titor do estudante.

A avaliación constará de dúas cualificacións:

1) Informe do titor/titora: Ponderación 30% da cualificación final.

2) Cualificación da Comisión Avaliadora: Ponderación 70% da cualificación final.

A Comisión avaliadora terá en conta para a súa cualificación a seguinte ponderación:

a) Presentación escrita en soporte electrónico do Traballo Fin de Máster. Ponderación mínima 30% e máxima 60%.

b) Presentación oral do Traballo Fin de Máster. Ponderación mínima 20% e máxima 40%.

Cráterios

1. Calidade do traballo escrito. Rango de puntuación: 0-6.

Apartados a valorar:

1.1. Adecuación formal á normativa APA.

1.2. Interese e Relevancia do Plan de intervención ou proxecto desenvolvido.

1.3. Calidade do programa ou proxecto a implementar.

1.4. Coherencia argumental.

1.5. Interese e calidade do traballo de investigación realizado, ou do proxecto de investigación, se é o caso.

2. Calidade da exposición pública. Rango de puntuacións: 0-4.

Apartados a valorar:

2.1. Axuste ao tempo destinado á exposición (15 minutos).

2.2. Calidade dos recursos utilizados.

2.3. Claridade da exposición.

2.4. Respostas ás preguntas e comentarios da Comisión.

DISTRIBUCIÓN DO TEMPO DE TRABALLO

1. Análise de fontes documentais: actividades que implican a utilización de documentos audiovisuais e/ou escritos para adquirir coñecemento e elaborar revisións críticas. Horas de traballo autónomo: 50

2. Preparación de presentacións orais e debate: por medio destas actividades promóvese a organización e elaboración do coñecemento necesario para facer comprensible a información a terceiras persoas dentro do marco xeral dunha interacción comunicativa. Horas de traballo autónomo: 10

3. Discusión titorizada individual ou en grupo. Horas presenciais: 15

4. Elaboración do Traballo Fin de Máster. Horas de traballo autónomo: 125